

ANEXO III

PLAN ANUAL

de LECTURA

(Proxecto de biblioteca)

CEIP Manuel Sueiro

Ourense

PLAN ANUAL DE LECTURA 2016-2017.

INTRODUCCIÓN

Neste curso 2016-2017, o obxectivo do centro estará posto no Plan Anual da Biblioteca como continuidade do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares iniciado no curso 2011-2012, e seguimos crendo que merece a pena poñer a énfase nel.

Tal e como consta na orde do 1 de setembro de 2015, pola que se resolve a convocatoria do plan de mellora de bibliotecas escolares e, publicada no DOG nº 172 do mércores 9 de setembro de 2015, foinos concedida a renovación no plan para o presente curso, o que nos animou a poñer o obxectivo do centro, de novo, na ardua tarefa de fomentar a lectura entre os nosos alumnos/as, aínda que **consideramos que a contía adxudicada ao noso centro non se corresponde co traballo desenvolvido por toda a comunidade educativa ao longo do curso 2015-2016.**

FUNDAMENTACIÓN

O Plan Anual da Biblioteca parte das reflexións do curso pasado para elaborar as propostas para o actual, dirixindo os seus obxectivos en dúas direccións: unha, a propia actividade da biblioteca como centro para a información e a lectura cos seus obxectivos propios na organización e xestión, así como na dinamización da mesma na formación de usuarios, educación documental e fomento da lectura coas súas campañas concretas, e outra, a realización dun proxecto documental integrado (PDI) no que participa todo o centro, e co que pretendemos coñecer e descubrir a nosa terra.

LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS

A BIBLIOTECA: Centro de recursos para a información e a lectura.

- **Organización e xestión:**

- Continuar co rexistro e catalogación do material impreso e audiovisual e expurgo.
- Rexistro e descarga de libros electrónicos de dominio público.
- Mantemento do blogue polo coordinador das TIC.
- Creación de carnés para os novos alumnos/as.
- Redefinir as funcións de cadaquén no equipo da biblioteca.
- Remodelar o recanto destinado ao grupo 0 da CDU.

- **Dinamización e promoción dos recursos**

Despois da experiencia do PDI do curso pasado, cunha duración trimestral ao longo de todo o ano escolar, "Galicia arrecende a aventura", neste curso a nosa Biblioteca será UN TERRITORIO DAS ARTES onde afondaremos en distintos pintores, traballaremos artes plásticas e visuais (vídeo, cine...)

- **Formación de usuarios**

- Presentación clara das normas de uso, horario e servizos da biblioteca.
- Complementar a guía de usuarios publicada o curso pasado, e actualizar se é necesario.
- Exposición e publicación das novidades.
- Formación do profesorado que o necesite e do alumnado.
- Continuar cun programa sistematizado para cada curso e temporalizado por trimestres, encamiñado ao desenvolvemento de habilidades, sendo quen de usar a información obtida en calquera dos soportes dos documentos.
- En 5º e 6º cursos de E.P. incidir na importancia da selección de información á hora de elaborar traballos.

- **Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto Lector.**
 - Hora de Ler conxunta recollida no horario de cada aula .
 - Actividades de animación á lectura: Contacontos, concursos de creación de contos e poemas, exposicións temáticas, encontros con algún escritor,...
 - Continuar coas Mochilas viaxeiras e Libros que van e veñen.
 - Campaña especial de potenciación do galego.

- **Apoio ao estudo ou outras actividades para a compensación das desigualdades sociais:**
 - Relacionado co punto anterior, actividades de achegamento á lingua galega por parte do colectivo xitano.
 - Para todo o alumnado, intentar ampliar o seu vocabulario, xa que somos conscientes da pobreza do mesmo dos nosos alumnos/as, e a dificultade que isto supón á hora de estudar.

RUTINAS DE LECTURA

- **Hora de Ler.**
 - Vinte minutos diarios recollidos no horario de aula no que todo o centro dedica especificamente un tempo á lectura.
 - Actividades:
 - **Desenvolvidas polo mestre de PT en 3º e 4º E.P. e pola de AL en 1º e 3º de EP.**

1º trimestre

Fábula da leiteira.

Vida e obra de Mariángeles Ibernón

Guiñol "As aventuras de Don Quijote"..

Lenda do Samaín.

Lenda da Lagoa de Antela.

Lendas do Nadal:

- O apalpador
- A árbore de Nadal.

2º trimestre

O galo de Antioquía.

Lendas de Paz.

O entroido en Ourense.

Lenda de San Valentín.

Historia do Día da muller traballadora..

Semana da prensa. Lecturas nos xornais.

Obradoiro de poesía.

3º trimestre

Lendas populares galegas.

Vida e obra de Carlos Casares.

Obradoiro de cómic.

Historia de Europa.

Letras Galegas.

• E.Infantil 4º /5º**○ Obxectivos**

- Coñecer a biblioteca e o espazo adicado a Educación Infantil.
- Gardar silencio
- Coidar os libros
- Colocalos coa axuda da profesora nas baldas correspondentes.

○ Actividades

- Contos para portarse ben en el colexio editorial CCS axudaralles a coñecer estas normas dunha forma divertida.
- A Partir dos contos “La ratita presumida” e os tres porquiños que os contaremos na clase iremos a biblioteca e alí consultaremos a colección ZOO de animais. Aprenderemos moi ben os que aparecen nos contos, onde viven de que se alimentan.

- Faremos un guiñol do conto dos “tres porquiños”.
 - Observar láminas de pintores famosos.
 - “Me llamo Vincent Van Gogh”. de ediciones Parramón , sobre o cual faremos o P.D.I do colexio,
 - Colección “En familia” de Susana Rico Calleja .Lerémola e faremos debuxos cada neno e nena sobre a súa familia.
 - Visitaremos a Biblioteca unha vez por semana.
 - A mochila viaxeira seguirana levando todos os venres para casa ata o luns..
- **E. Infantil 6º**
 - Visitaremos a biblioteca unha vez por semana,para elo pomos unha serie de normas:
 - Entrar en silencio
 - Coller os libros cando diga a profesora.
 - Non interromper aos nenos/as que estean nela.
 - Sentarse ordenadamente sen arrastrar as cadeiras...etc
 - Observamos os estantes dicindo a diferenza entre os que estean coa letra vermella e coa amarela.
 - Collemos algún libro en castelán e en galego.
 - Eliximos algún conto para contarlles na biblioteca .Este curso dedicáremoslles máis tempo aos que estean relacionados con arte, en especial os adicados a LEONARDO DA VINCI.
 - Facemos debuxos do conto.
 - Debuxamos a nosa biblioteca.
 - Cada venres imos a biblioteca para cambiar o noso libro da mochila viaxeira.
 - Hora de ler:
 - Primeiro Trimestre: Utilizaremos contos clásicos da colección “ARLEQUÍN” editorial Susaeta.
 - Segundo Trimestre:-Colección: ”MUNDO MARAVILLOSO”.
 - Terceiro Trimestre:-Colección: ”PASENIÑO” Ed:XERAIS

- **1º de Ed. Primaria**

Adicaremos no primeiro trimestre una parte deste tempo a coñecer a biblioteca, usos e normas que nela rexen, como utilizala e o seguimento e utilización do préstamo.

- Na clase reforzaremos a lectura tanto a nivel oral como a nivel de comprensión lectora empregando libros de lectura en castelán e galego.
- Traballaremos tanto a lectura individual como a lectura colectiva de libros empregados en animación á lectura como de elección libre por parte. do alumnado.
- Faremos un seguimento individualizado da comprensión lectora e da velocidade lectora de cada un dos alumnos.
- Lectura de textos en voz alta.
- Uso de cómics de aventuras una vez que a lectura sexa fluída.
- No segundo trimestre iniciaremos , un ano máis, o concurso de animación á lectura con concursos mensuais sobre o libro que toque en cada momento.
- De cando en vez faremos traballos plásticos relacionados con algún libro de interese para os alumnos.

- **No 2º curso E.P.**

Ao longo do curso, lerán tres libros en galego e tres en castelán:

1. ¿ Quién me quiere a mi ?
2. La Estrella
3. ¿Quién recoge las cacas?

Desempeños	
Individual	¿preguntas sobre las lecturas que vamos leyendo? Escribe la respuesta y compártela con tus compañeros.
Individual	¿preguntas sobre las lecturas que vamos leyendo? Escribe la respuesta en tu cuaderno con un dibujo.
Grupo clase	Realizad un mural con diferentes caras que muestren distintos estados de ánimo. Escribid qué os hace sentir cada uno de los estados de ánimo debajo de la carita correspondiente.
Grupo clase	El profesor escribirá en papeles tantos números como alumnos haya en clase y los repartirá al azar a cada uno. Después, los alumnos tendrán que describir físicamente al compañero cuyo número le haya tocado.

Grupo	Realizad un <i>collage</i> utilizando un tema sacado de uno de los libros (<i>podéis emplear diferentes materiales</i>), intentando ser creativos y originales.
Grupo clase	El profesor anotará una serie de palabras en la pizarra. Luego, los alumnos representarán cada sílaba mediante una palmada. Posteriormente, las escribirán y las clasificarán en monosílabas, bisílabas, trisílabas o polisílabas.
Grupo clase	Escribid, de manera individual, una descripción breve de cada uno de los animales que el profesor le enseña
Grupo clase	El profesor dará una lista de palabras que cada alumno ordenará alfabéticamente. Se dispondrá de un tiempo para repasar las respuestas.
Grupo 4 o 5	Inventad una canción usando los nombres propios de todos los alumnos. Escribidla teniendo en cuenta las mayúsculas. Una vez terminada, representadla ante los demás grupos acompañada de un baile inventado.
Individual	En goma eva u otro material, cada alumno hará la letra inicial de su nombre y lo dejará colocado en alguna parte de la clase. Luego escribirá una nota al compañero para que encuentre su inicial.
Parejas	El profesor escribirá dos oraciones en la pizarra separadas por un punto. Jugad a unir oraciones. Explicad a vuestro compañero cómo creéis que se pueden unir. ¿Qué podríais utilizar?
Grupo clase	Cada uno creará un texto literario y lo leerá a los compañeros. Organizad un debate, dirigido por el docente, y hablad sobre las diferencias entre un texto literario y no literario.

- Ademais contamos cun libro de Lecturas.

O luns e martes tamén traballarase o seguinte

- Conto: **Pinocho**.
- Temporalización: 1º e 2º trimestre.
- Obxectivos:
- Mellorar a lectura (comprensión e expresión lectora).
- Afianzar valores (amizade, verdade, respecto).
- Favorecer a expresión plástica.
- Coñecer algo sobre a vida do autor.
- Coñecer e aceptar a propia identidade.
- Valorar a amizade e o compañeirismo.
- Ampliar o vocabulario a través do conto.
- Actuar con autonomía na vida cotiá e nas relación de grupo.
- Actividades:
- Ler o conto en distintas versións.
- Dramatizar algún episodio do conto.
- Colorear debuxos do conto.

- Ver algunha película do conto.
- escoitar o conto.

- **3º DE E. PRIMARIA**

Ao longo do curso leremos varios libros en galego e en castelán.

Como este ano 2016 coincide co centenario do nacemento de Roald Dahl, adicaremos as lecturas e os traballos derivados destas ao mencionado autor.

- En Galego:
 - A marabillosa medicina de George.
 - Iago e o pexego xigante.
 - O dedo máxico.
- En Castelán:
 - El super zorro.
 - El vicario que hablaba del revés.
 - AguTrot.

Traballaremos coa prensa analizando noticias. Miraremos, asemade, cómo a mesma noticia pode ser interpretada de diferentes xeitos dependendo da persoa que a lea.

- **4º de Educación Primaria**

Na hora de ler, durante este curso, continuaremos coa mesma estratexia do curso pasado. Levaremos libros da biblioteca á aula, tanto en galego como en castelán.

Algúns exemplos son os seguintes:

- Castelán: A bordo de la gaviota,...
- Galego: A formiga coxa,...

Neste curso, e tendo en conta que o P.D.I. do centro ten como lema "A biblioteca escolar: territorio das artes", imos a centrarnos no TEATRO. Así pois faremos especial fincapé en todo o relacionado co teatro: vocabulario, elementos, persoal dunha compañía, tipos de obras teatrais Tamén se farán ensaios e pequenas representacións.

Faremos tamén exercicios prácticos de colocación e ordenación alfabética de libros collidos da biblioteca para que se acostumen a coller e logo devolver os libros ao seu lugar.

- **5º E. PRIMARIA**

Contribuír ó fomento do gusto pola lectura.

1º.- Propor a lectura de libros, por quendas cada alumno elixe un libro, a súa lectura será colectiva, ao seu término farase un coloquio- debate do mesmo.

2º.- Realizar lectura individual, elixindo un libro da biblioteca e ó remate facer un resumo escrito do mesmo.

Alternaranse estas actividades ó longo do curso escolar.

- **En 6º E. P.** , tódolos mércores, lectura e comentario das páxinas meteorolóxicas do xornal “La Voz de Galicia”, co fin de coñecer a información referida ao tempo na nosa cidade e nas illas atlánticas, formando parte da actividade das Meteoescolas do Plan Proxecta.
 - En 6º neste curso, “El amuleto yoruba”,de J. Miguel Sánchez Vigil.
 - La vuelta al mundo en 80 días de Julio Verne.
 - Poesía “Lúa” de Antonio Capilla en galego

PAL. ÁREA DE INGLÉS

Na medida das posibilidades de *reading* dos nosos alumnos/as, incorporarémonos dende a nosa área ao plan anual de lectura.

En cada unidade dos distintos cursos de E. Primaria integramos a lectura dun breve conto ou historia que reúne os *topics* que nos interesan en cada caso e esperten o interese e gusto pola lectura dos alumnos/as.

Ademais destas breves historias intentaremos ler outros contos que teñan que ver co tema, tendo en conta cun mesmo libro pode servir para varias unidades e cursos. Tamén contaremos con libros adaptados en cada caso ao nivel para os *fast finishers* ou os que necesitan reforzo.

A continuación indicaremos os libros que usaremos nalgunhas das unidades que corresponden aos distintos cursos:

E. INFANTIL:

- As cores.- Colour me happy.
- Os animais.- Dear zoo.
- Pinocchio.

1º,2º e 3º cursos E.Primaria.

Bibliografía correspondente á área de plástica, ensino CLIL.

- Frida Kahlo. Mini Biografías. Ed. Susaeta.
- Pequeña y Grande Frida Kahlo. Ed. Alba.
- Kahlo. Ed. Numen
- ByME. Arts & Crafts 1,2,3. Ed. Macmillan.
- Siena, playing with Art. Ed. Mandrágora.

5º E.Primaria.

Na Hora de Ler os libros bilingües inglés-castelán da colección “Clara Secret”.

6º E.Primaria.

“Eighty days around the world” como complemento da nosa area ao plan proxecta que está a desenvolver este curso.

RECURSOS HUMANOS

Todo o claustro de profesores/as forma parte do equipo de biblioteca, dado que todos os membros do mesmo están implicados nos proxectos do centro.

- **Horario equipo biblioteca.**

Sete membros do equipo dispoñen no seu horario de dúas sesións semanais de adicación ás tarefas da biblioteca e outros sete unha hora, necesarias para o seu bo desenvolvemento.

Tres mestres deste equipo serán os responsables do préstamo no seguinte horario:

- Mércores, 12:20 – 13:10 : 1º, 2º e 3º cursos de E.Primaria.
- Mércores, 13:10–14:00: 4º,5º e 6º cursos de E.P.
- Xoves, 09:00 – 09:50 : E.I.

Outros tres mestres formarán aos usuarios de xeito específico, aínda que os titores afianzarán eses aprendizaxes.

HORARIO EQUIPO BIBLIOTECA.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 9:50				MARÍA	MARÍA
9:50 10:40			OLGA		
10:40 11:30	NORBERTO	PILAR IGLESIAS	INMAC. TOÑO ALFONSO O.	AURORA	INMAC.
12:20 13:10	ALFONSO .		ARANTXA		PILAR IGL.
13:10 14:00	TOÑO		ALFONSO G.		

- **Hora de Ler.**

Cada titor/a dispón de tres sesións de vinte minutos na Hora de Ler.

Os/as especialistas teñen as tres sesións nas diferentes titorías.

HORARIO HORA DE LER.

12:00 12:00	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
E.I. ¾	PILAR C.	PILAR C.	PILAR C.	PILAR C.	PILAR C.
E.I. 5	ANA C.	ANA C.	ANA C.	ANA C.	ANA C.
1º E.P.	J.A. REGAL	J.A. REGAL	J.A. REGAL	ARANTXA	ARANTXA
2º E.P.	ALFONSO G.	ALFONSO G.	INMAC.	INMAC.	INMAC.
3º E.P.	A. BRUNETE	ARANTXA	NORBERTO	A. BRUNETE	A. BRUNETE
4º E.P.	A. O	A.OTERO	A.OTERO	NORBERTO	NORBERTO
5º E.P.	PILAR I.	AURORA	PILAR I.	AURORA	AURORA
6º E.P.	MARÍA	MARÍA	ALFONSO G.	PILAR I.	MARÍA

ACTIVIDADES PROGRAMADAS

- **Programa de formación de usuarios:**

Programa sistematizado por ciclos e temporalizados por trimestres, sendo quen de usar a información obtida en calquera dos soportes dos documentos.

EDUCACIÓN INFANTIL

1º TRIMESTRE

OBXECTIVOS.COMPETENCIAS BÁSICAS	ACTIVIDADES
- Distinguir a biblioteca escolar da de aula. - Localizar a biblioteca no espazo escolar e familiarizarse con ela.	- Visita á biblioteca escolar e coñecer os seus recunchos.
- Coñecer as normas de comportamento na	- Dialogar sobre as normas

biblioteca.	de conduta.
- Recoñecer os documentos que podemos atopar: libros, revistas, audiovisuais,...	- Clasificar os documentos en función dos soportes.

2º e 3º TRIMESTRES

OBXECTIVOS. COMPETENCIAS BÁSICAS	ACTIVIDADES
- Recoñecer e manter a orden a biblioteca.	- Realizar xogos clasificatorios e colocar os libros nos seus andeis correspondentes.
- Expresar oralmente as necesidades de información ou lectura e o obxectivo das mesmas.	- Dialogar cos alumnos/as en torno a contos e a información.
- Iniciarse no hábito de consultar libros.	- Buscar información gráfica nos libros seleccionados.

EDUCACIÓN PRIMARIA. 1º e 2º cursos.**1º TRIMESTRE**

OBXECTIVOS. COMPETENCIAS BÁSICAS	ACTIVIDADES
- Coñecer a función da biblioteca e os seus servizos	- Visitar a biblioteca escolar.
- Introducir as distintas función de información e lectura que poden ter os documentos.	- Seleccionar contos, narracións e libros de consulta e comparar as informacións.
-Recoñecer os elementos que identifican os documentos: título, autor, ilustrador.	- Cumprimentar unha ficha.
- Coidar e respectar os materiais e recursos.	- Elaborar un listado de accións para coidar os materiais da biblioteca.

2º e 3º TRIMESTRES

OBXECTIVOS. COMPETENCIAS BÁSICAS	ACTIVIDADES
- Identificar as partes físicas dos impresos:	- Cumplimentar ficha.

portada, cuberta, contracuberta,...	
- Adquirir o concepto de colección.	- Xogos por grupos.
- Relacionar imaxes e texto nos libros de coñecemento.	- Relacionar ilustracións con pés de texto.

EDUCACIÓN PRIMARIA. 3º e 4º cursos**1º TRIMESTRE**

OBXECTIVOS. COMPETENCIAS BÁSICAS	ACTIVIDADES
- Dominar o espazo da biblioteca e as súas seccións.	- Debuxar un plano da biblioteca.
-Coñecer a CDU e as signaturas dos libros.	- Relacionar libros con signaturas.
-Clasificar os libros polos dous grandes apartados: De ficción (N,T,P) e non ficción (biografías, deportes,...)	- Localizar os distintos tipos de libros nos andeis e deducir a temática.

2º e 3º TRIMESTRES

OBXECTIVOS. COMPETENCIAS BÁSICAS	ACTIVIDADES
- Diferenciar entre os distintos dicionarios: de sinónimos, visuais, temáticos,...	- Cumprimentar ficha.
- Asimilar conceptos relacionados co dicionario: entrada, definición, abreviatura,...	- Fichas e xogos alusivos.
- Saber usar indicadores de contido de documentos: sumarios, menús de documentos electrónicos,...	- Analizar os materiais.
- Manexar as obras propias do seu nivel.	- Comparar as información obtidas na busca das obras de referencia.

EDUCACIÓN PRIMARIA. 5º e 6º cursos.**1º TRIMESTRE**

OBXECTIVOS. COMPETENCIAS BÁSICAS	ACTIVIDADES
- Comprender o sistema de clasificación da CDU.	- Clasificar en función da CDU.
- Identificar os elementos dunha ficha.	- Cumprimentar a ficha correspondente.

2º e 3º TRIMESTRES

OBXECTIVOS. COMPETENCIAS BÁSICAS	ACTIVIDADES
-Coñecer os sistemas de busca nos buscadores de internet, o seu uso e os seus elementos de conexión.	- Realizar búsquedas en internet.
- Coñecer a estrutura dos libros informativos e a función dos seus elementos: bibliografías, glosarios, cronoloxía,...	- Identificar nun libro: glosario, gráficos, pés de páxina,...
- Citar as fontes na búsqueda documental.	- Cumprimentar unha ficha.

- **Proxectos Documentais Integrados:**

Será unha acción de dinamización lectora e como estimulación de novas formas de aprender e de transformar a información en coñecemento, como queda reflectido no apartado adicado á dinamización: educación para o acceso á educación documental, aprendendo a quedarnos co que realmente é importante e eliminar a información superflua, sendo críticos coa antedita información, ademais de favorecer o traballo colectivo.

Aprenderemos a localizar información a través de distintos soportes e materiais, desenvolvendo as competencias lectoras en todas as áreas do coñecemento de libros de ficción, de información e outros documentos.

Neste curso 2016-2017 desenvolveremos o noso PDI como continuidade destes cinco cursos anteriores de experiencia Plambe, e o noso *Sueiriño* descubrirá e explorará un territorio das artes: arquitectura, pintores famosos, cine teatro, opera, etc.

Como quedou definido no noso proxecto global de biblioteca desde que formamos parte da rede PLAMBE, e do que o servizo de inspección tivo cumprida información, tanto nas PXA como nas memorias finais de curso (2011-2012, 2012-2013, 2013-2014, 2014-2015, 2015-2016), tomamos como referencia unha frase recollida no noso *Proxecto Lector de centro* e que forma parte do *PE*, “Para viaxar lonxe, non hai mellor nave cun libro” (Emily

Dickinson). A partires del, desenvolvemos sempre as nosas campañas promovidas pola biblioteca.

No noso primeiro PDI de centro (curso 2011-2012), *“Os romanos chegan a Ourense”*, o *Sueiriño I* achegaba á nosa cidade as lexións romanas.

No segundo PDI (curso 2012-2013), *“As froitas navegan polo mar da saúde”*, era o *Sueiriño II* coa súa tripulación de froitas piratas o que nos achegaba a hábitos de vida máis saudables.

No terceiro PDI (curso 2013-2014), o *Sueiriño III* transportounos á Idade Media ao reino de Leo, a mascota da nosa biblioteca, baixo o título *“Benvida a vosa merced ao reino de Leo”*.

No cuarto PDI (curso 2014-2015), o *Sueiriño IV* foi na procura dun cofre do tesouro nos fondos mariños, cheo de coñecementos matemáticos, *“Mergúllate nun mar de números ”*.

No quinto curso 2015-2016, o *Sueiriño V* percorrerá a nosa terra co fin de coñecer o noso pasado e explorando o presente de cara a un futuro cheo de ilusións e esperanzas, baixo o título: *“ Galicia arrecende a aventura ”*.

Neste curso(2016-2017) o *Sueiriño VI* navegará pola territorio das artes, procurando que o alumnado aprecie a distinta produción artística, e experimente o pracer de facer as súas propias creacións.

A nosa viaxe ira a través de Leonardo Da Vinchi, Frida Kalo, arquitectura gótica e románica, Vang Gohg, acercarémonos ás artes escénicas da man de Carlos Casares e todo isto amenizado coa música de Vivaldi e unha ópera e moitas cousas máis *“O Sueiro onde a lectura é arte”*.

PDI VI: “ O Sueiro, onde a lectura é arte ”

4º - 5º EDUCACION INFANTIL

Obxectivos

- Espertar o interese de nenos e nenas por a pintura.
- Coñecer a vida de Vincent Van Gogh e algunhas das súas obras.
- Desenrolar a motricidade fina e a coordinación óculo-manual.

Actividades

- Decorar a porta da clase con lirios feitos ca técnica da estampación.
- Coñeceremos a súa vida e faremos un mural rotulando un retrato de Van Gogh.
- Pintar con ceras grosas “la noche estrellada”.
- Con pipas e bolitas de papel amarelo decorar un mural de girasoles.

Temporalización

Traballaremos este proxecto o longo de todo o curso as dúas primeiras actividades no primeiro trimestre e as outras no segundo e terceiro trimestre.

6º ED. INFANTIL: "APRENDO CON LEO....."

Este curso imos traballar LEONARDO DA VINCI, xa que despois de visitar a biblioteca aos nenos chamoulles moito o debuxo "EL HOMBRE DE VITRUVIO" que decoraba un libro da nosa biblioteca.

Os OBXECTIVOS que imos intentar conquistar son:

- Coñecer a vida deste xenio.
- Traballar algúns dos campos nos que foi coñecido como a pintura, anatomía, inventor...
- Expresar os sentimentos e ideas a través das diferentes linguaxes.
- Valorar as súas producións plásticas e as dos seus compañeiros.

- Tomar conciencia das distintas técnicas: recortado, picado, pintura, modelado...
- Desenvolver as sensibilidades artísticas e a capacidade creativa.
- Planificar e desenvolver algún obxecto ou maquina sinxela.
- Concienciar aos nenos que é necesario o esforzo para conquistar cousas.
- Coñecer o noso corpo.
- Coñecer a letra L de LEONARDO...
- Fomentar o gusto pola lectura.

ACTIVIDADES

- Visitar a biblioteca e consultar os libros:"Los tesoros de Leonardo da Vinci" MATTHEW LANDRUS"
ED: Lu.
"Leonardo da Vinci".Steve Augarde.
ED: BAÍA.
- Contarlles o conto: "Las tres Mellizas y Leonardo da Vinci" ED:SALVAT.
- Me llamo Leonardo Da Vinchi. ED: PARRAMÓN.
- Proxección de Youtube: Leonardo da Vinci.
- Proxección de CANTINFLAS....Leonardo da Vinci DVD.ARTISTAS FAMOSOS.
- Debuxar a silueta dun neno en papel de embalar engadindo dous brazos e dúas pernas para falarlles de:"EL HOMBRE DE VITRUVIO". Decoraremos a porta con esta obra de LEONARDO.
- Aproveitando este debuxo faremos distintas partes do corpo como o corazón ou o esqueleto e colocáremolo no debuxo...
- Proxectar a MONA LISA e aproveitando unha fotocopia ampliada dunha nena da clase faremos un collage da nosa MONA LISA.
- Cada neno /nena fará un debuxo da MONA LISA.
- Pintar un mural dunha persoa voando.
- Traer da súa casa algún invento feito coa axuda dos seus pais...un coche, bicicleta, un paracaídas...

EDUCACIÓN PRIMARIA:

1º CURSO: “ O ARTE DA MÚSICA”

Este ano como actividade para o PDI do centro os alumnos e alumnas de 1º curso traballarán a parcela artística de MÚSICA. Pretendemos que, a partir da obra elixida “ PEDRO Y EL LOBO “ , os alumnos e alumnas de 1º curso se acheguen ao mundo da música e ao coñecemento básico dos distintos instrumentos musicais e as súas familias.

PEDRO Y EL LOBO

AUTOR: Sergei Prokofiev.

TITULO DE LA OBRA: “Pedro y el Lobo”.

FORMA MUSICAL: Cuento sinfónico.

GENERO: Música descriptiva.

INSTRUMENTOS MUSICALES: violín, viola, violonchelo, contrabajo, oboe, clarinete, fagot, trompa, timbales y bombo.

ARGUMENTO: Esta obra nos cuenta la sencilla historia de un niño, Pedro, que desobedeciendo los consejos de su abuelo, sale al campo y se entretiene hablando con sus amigos: el pájaro, el gato y el pato. Un día aparece un lobo con malas intenciones y el abuelo avisa a Pedro del peligro que corre y lo encierra en su casa. Aparece el lobo y se produce una desbandada general. Desde su casa, Pedro contempla la escena y con la ayuda de una cuerda logra llegar hasta el árbol donde sus amigos se han protegido y sujeto por la cola ata al lobo al árbol. Por fin, llegan los cazadores y, entre todos, deciden llevarlo al zoo. Al final, todos los personajes forman parte en esta marcha triunfal, incluso el pato que engullido entero sigue vivo dentro del lobo.

Los diferentes episodios del cuento son comentados con imaginación y gracia por la voz del narrador, mientras cada personaje aparece caracterizado por un instrumento musical:

En esta obra la música tiene que actuar como si pintara a los personajes a través de los instrumentos musicales eligiendo los que mejor describieran el carácter y personalidad de los mismos, podríamos decir que en esta obra los instrumentos cobran vida. Cada instrumento o personaje tiene un tema musical a modo de *leit-motiv*. Además de esto, la música también tenía que ser válida

como fondo en las intervenciones del narrador. Con este objetivo en mente Prokofiev distribuyó los personajes del cuento de la siguiente manera:

Pedro. Personaje principal, se le asigna la cuerda frotada, la que tiene más presencia en la música sinfónica. Los instrumentos son: Violines I y II, violas, violonchelos y contrabajos

Pájaro. Como era de imaginar la flauta da vida al trinar alegre del pájaro.

Abuelo. Este personaje está representado por el fagot, instrumento de tesitura grave y un poco gruñón.

Pato. Prokofiev elige el oboe para representar el graznado del pato.

Gato. El clarinete será el encargado de dar sonido al caminar aterciopelado y sinuoso del gato.

Lobo. Las trompas imponen la presencia del lobo.

La percusión. La llegada de los cazadores siempre se anuncia con la percusión, especialmente los timbales.

OBXECTIVOS

1. Fomentar a audición activa e consciente das obras musicais como fonte de enriquecemento cultural para favorecer a ampliación e diversificación dos seus gustos musicais.
2. Participar en actividades musicais, tanto individualmente coma en grupo, con atitude aberta, interesada e respetuosa.
3. Iniciación ao coñecemento das familias de instrumentos musicais.
4. Fomentar o gusto pola música e a participación en actividades de clase relacionadas con ela.
5. Coñecer o valor do silencio na escoita de fragmentos musicais e nas pezas.

Temporalización

Todo o curso

2º CURSO:

- Vivaldi e “Las cuatro estaciones”.
- Empezaremos a traballar a partir dun libro da biblioteca “ Vivaldi “

3º CURSO: “CÁNTAME UN CONTO”

Da man da nosa mascota viaxaremos polo mundo das Artes, a través da arte por excelencia que é a **ÓPERA**.

A ópera aglutina case todas as facetas da arte: a música, o canto, o teatro, a poesía, as artes plásticas e, as veces, a danza.

Como a palabra **ópera** significa obra musical, a obra escolleita para traballar co alumnado de 3º curso será “**O Elixir de Amor**”, una historia sobre o amor que sinte un campesiño cara a una moza da súa aldea, e os esforzos que para conquistar ser amado por ela. Con música de Gaetano Donizetti, e libreto en italiano de Felice Romani, baseado en *Le philtre*, O Elixir de Amor, posúe fermosas melodías e un libreto doado de comprender. É una das óperas máis populares. Está catalogada como ópera cómica.

Tendo en conta que o mundo da ópera é practicamente descoñecido para case toda a infancia, empezaremos o traballo recabando información sobre que é a ópera, onde se representa, qué partes ten, cómo se canta; veremos as diferentes clases de voces, cómo é una orquestra e os instrumentos de qué consta e logo, moi de vagariño, iremos escoitando pequenos fragmentos, seleccionados para seren comprendidos polo alumnado de terceiro nivel, e, por suposto, atraentes. Un primeiro paso con música orquestal, logo música coral e, por último, pequenos fragmentos de música vocal.

Veremos que existen óperas “serias”, cómicas, infantís e de fadas e estudaremos qué elementos, ademáis da música, compren para pór en escea una obra operística. É dicir, que pasos débense seguir para chegar ao final.

Paralelamente faremos un taller de filatelia relacionado co mundo das artes.

Temporalización: todo o curso.

4º CURSO:

“Biblioteca escolar: territorio das artes”

Neste curso os alumnos de cuarto traballarán nun “Obradoiro de teatro”.

Obxectivos

- Utilizar a linguaxe corporal e oral para evocar situación, accións, desexos e sentimentos.
- Explorar e experimentar as capacidades perceptivo-motrices do propio corpo.
- Expresarse e comunicarse utilizando as técnicas da linguaxe dramática.
- Favorecer a relación do/a neno/a cos demais nunha interacción grupal.
- Facilitar a expresión espontánea.
- Exercitar a memoria e ampliar o seu vocabulario.
- Afondar nos recursos básicos para a expresión corporal (xesto, ton, voz, actitude corporal...) utilizándoos de forma axustada ó contexto interpretativo.
- Avanzar no dominio da motricidade xeral con implicacións rítmicas, tónicas e de equilibrio estático e dinámico que lle permitan una conducta autónoma.
- Utilizar os sinais extralingüísticos dos xestos manuais para reforzar o significado das súas mensaxes e atribuírles sentido.

Actividades

- Ensaio e representación de tres pequenas obras teatrais:
- Un grupo de catro alumnos/as (dous nenos e dúas nenas) a obra "Comerei dous".
- Unha parella (nenos e nenas) a obra "Ganas de rifar".
- Unha parella de nenas un "Diálogo".
- A porta da aula será adornada con fotos dos/as protagonistas en distintas actitudes.

Temporalización

- Durante todo o curso.

5º CURSO

DIFERENZAS ENTRE ARQUITECTURA GÓTICA E ROMÁNICA

Temporalización un trimestre

Obxectivos

- _ Contribuir o estudo da arquitectura gótica e románica.
- _ Definir os caracteres góticos e románicos.
- _ Diferenciar elementos góticos e románicos.
- _ Valorar a importancia da arquitectura na nosa vida.

Contidos

- _ Estudo dalgúns elementos góticos e románicos.
- _ Estudo dos caracteres góticos e románicos.

Actividades

- _ Realizar un mural coas imaxes da arquitectura gótica e románica.
- _ Facer un debuxo dunha portada románica e gótica.
- _ Identificar as diferenzas entre a arquitectura gótica e románica mediante imaxes.
- _ Realizar unha ficha coas diferenzas entre a arquitectura románica e gótica.
- _ Facer un debuxo dunha planta dunha igrexa románica e gótica.

6º CURSO: “ Da man de Baldomero, pintura e escultura imos coñecer ”.

Neste curso estudaremos a pintura e escultura dun afamado pintor ourensán Baldomero Moreiras.

Desenrolaranse a competencia lingüística, o tratamento da información, aprender a aprender, expresión cultural e artística e a autonomía e iniciativa persoal e emocional.

Todas as materias do currículo de 6º estarán presentes nas distintas actividades a levar a cabo para conseguir os seguintes obxectivos:

Obxectivos

- Coñecer distintas técnicas de traballo escultórico
- Coñecer distintos materiais para a creación de esculturas.
- Coñecer distintos materiais para a creación pictórica.
- Investigar sobre distintos estilos pictóricos

- Crear pinturas e esculturas propias.

Contidos

- Coñece a obra de Baldomero Moreiras.
- Aprecia e goza das posibilidades que nos ofrecen os museos de coñecer as obras de arte.
- Explicación do proceso creativo propio e do resultado conseguido.
- Realización dunha composición con formas xeométricas básicas.

Competencias clave

- Comunicación lingüística.
- Matemática e tecnoloxía.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Competencia dixital.

Estándares de aprendizaxe

- Identifica distintos estilos pictóricos
- Utiliza distintos materiais para a confección das súas obras
- Obtén información a partir da observación.
- Usa o ordenador para obter información.

Actividades:

- Trataremos que o alumnado teña contacto directo co pintor Baldomero Moreiras para que imparta unha clase.
- Plasmar na porta da aula unha pintura de Baldomero Moreiras
- Plan Proxecta: Continuando co proxecto das Meteoescolas estudaremos os fenómenos atmosféricos desde a visión de Baldomero Moreiras.

Temporalización:

Todo o curso

ÁREA DE E. FÍSICA: “A expresión corporal”

Como expresión artística baséase na forma en que se interpretan emocións por medio dos movementos.

A expresión corporal é una actividade que normalmente desempeñan personaxes como artistas, bailaríns, mimos, etc. e consiste ben utilizar o corpo para representar ideas, sentimentos, sensacións.

Neste curso académico 2016-17 vaise participar no PDI “Territorio das artes” coa posta en marcha dunhas sesións de expresión corporal adaptadas a distintos cursos.

Ditas sesións levaranse a cabo utilizando algúns tempos de Educación Física durante o segundo trimestre; aínda que xa se pode ir avanzando no primeiro trimestre.

Actividades a desenvolver

- Instalación: Aula ou polideportivo.
- Material: Xornais, balóns, música, globos.

Sesión 1

Quecemento

“A sombra”

O de atrás terá que ir detrás do seu compañeiro imitando todos os movementos que este faga. Logo cambio de rol.

Parte principal

“Suelo helado”

Os alumnos descálzanse e colócanse na posición indicada cos montóns de xornais diante.

A continuación indicáselles que a partir dese momento non poderán pisar o chan porque está conxelado e eles están descalzos. A única forma na que poden desprazarse é colocando unha folla de xornal e pisar enriba dela. Os alumnos terán que “empapelar” todo o chan de forma que non se vexa nin un

só resquicio do ximnasio (aclarar que non se pode correr porque os xornais poden descolocarse).

“El mar”

Seguidamente pídeselles que se metan nese mar de papel e que fagan todo o que se lles ocorra, o que máis lles guste, o que lles pida o corpo. Pedir logo que saian da pista e comentar as incidencias.

Sesión 2

Quecemento

“Nos movemos”

Ao principio da música os alumnos deben de seguir co torso e os brazos as suxerencias aportadas polo tema sonoro.

Parte principal

“Mi balón”

Cada alumno cunha pelota ten que facer todo o que se lle ocorra con ela sen repetir o xesto. Ex.: si xa botou unha vez non pode volver a botar.

“Mi balón imaginario”

O mesmo que o exercicio anterior pero agora cun balón imaxinario. Cada membro da parella alternativamente lle irá demostrando ó outro o que pode facer co seu balón invisible.

“Es mío”

Cada un con un balón desprazarase botándoo, tratando de protexelo ao mesmo tempo que intentará roubar o dos demais.

“Es mío imaginario”

O mesmo que o exercicio anterior pero cun balón imaxinario

Volta á calma

“Relaxamos”

Música de relaxación. Desprazarse por todo o espazo camiñando ó ritmo da música ata quedarnos completamente durmidos (deitados no chan cos ollos pechados).

Sesión 3

Quecemento

“Los saludos”

Moverse ao ritmo da música por todo o espazo. Cando esta pare los alumnos teñen que saudar ó compañeiro máis cercano seguindo as consignas do profesor (con ledicia, con sorpresa, con indiferenza,...). Continuar camiñando cando se reanude a música e saudar a outro compañeiro cando esta pare de novo. Así sucesivamente tratando de saudar o maior número de compañeiros posible.

“Los oficios”

Moverse al ritmo da música e cando esta pare demostrarlle ao compañeiro máis cercano el oficio que máis nos gusta con mímica. Continuar camiñando cando se reanude a música. Así sucesivamente tratando de encontrarnos co maior número posible de compañeiros.

Parte principal

“La manada”

Asignáselle a cada alumno un determinado animal. Dispérsanse por todo o espazo e á orde do profesor, e cos ollos vendados, reproducir o son do animal que lles tocou tratando de localizar ós demais membros da manada. Unha vez

reunidos todos quitarse as vendas e cada grupo representará ó resto de compañeiros o animal que lles tocou.

Variantes: representar con xestos soamente o animal e buscar ós demais membros sen falar e cos ollos abertos.

Volta á calma

“El nudo”

E

O primeiro da cadea arrastrará ós demais colocándose por distintas partes da cadea tratando de facer un “complicado nó humano”. O que a queda terá que desfacer o nó sen que ninguén se solte das mans. Repetir varias veces.

Sesión 4

Quecemento

“Bailamos”

Moverse por todo o espazo ao ritmo da música. Ao sinal do profesor xuntarse todos en parellas e seguir bailando ó son da música que soa. A un novo sinal cambiar de parella. Así sucesivamente.

“¡Baila globito!”

Cada un cun globo. Teñen que movelo ó ritmo da música que soa (vals, pasodoble, merengue, sevillanas,...). Cada vez que cambia a música teñen que lanzar o seu globo ó aire e coller o doutro compañeiro para seguir bailando ó son da música.

Parte principal

“Pisando globos”

Cada un cun globo atado a cada nocello. Bailar por parellas ó ritmo da música intentando explotar os globos dos demais ó tempo que evitamos que nos exploten os nosos. A parella que se quede sen globos queda eliminada. Gañan os que consigan chegar ó final con, alomenos, un globo sen explotar.

Volta á calma

“Adivina adivinanza”

Un membro da parella cos ollos pechados. O outro adoptará unha postura determinada. O seu compañeiro mediante o tacto ter que adiviñar a súa posición e representala co seu corpo.

ÁREA DE INGLÉS:

PDI: “O Sueiro, onde a lectura é arte”.

Desde a nosa área contribuiremos ao PDI do centro con dous proxectos desenvolvidos ao longo do curso. Un adicado á cidade de Siena e outro á pintora Frida Kahlo.

PDI 1: “*Siena, playing with art*”

Intentamos con este proxecto dar un paso adiante no coñecemento doutra disciplina artística: **a arquitectura**, e ao mesmo tempo coñecer un lugar que respira arte por todas as pedras da cidade e con tradicións tan arraigadas como “Il Palio” que nós, galegos, somos quen de entender ben, tan defensores das nosas tradicións.

O ensino nesta área sempre foi trilingüe, inglés, castelán e galego. Este curso intentamos ir máis aló coñecendo algunhas palabras en italiano, co fin de achegarnos e comprender máis a súa cultura.

Para potenciar este achegamento contaremos coa colaboración do **departamento de italiano da EOI de Ourense** e co **Viceconsulado italiano con sede en A Coruña**.

Participarán do proxecto distintas áreas: música, plástica, ciencias sociais, matemáticas, lingua galega, lingua castelá, lingua estranxeira inglés, TICs, coordinadas dende a biblioteca escolar. Incorporarase vocabulario moi elemental de lingua italiana.

A **biblioteca** proporcionaranos os **recursos** necesarios para desenvolver o proxecto:

- Fontes escritas:
 - ByME. Arts & Crafts 1,2,3. Ed. Macmillan.
 - Siena, playing with Art. Ed. Mandrágora.
- Fontes audiovisuais:
 - <http://www.comune.siena.it/>
 - <http://www.comune.siena.it/La-Citta/Palio>
 - <http://www.enit.it/>

O **produto final** do proxecto será o acto no que presentarán aos seus compañeiros/as a representación da festa tradicional do Palio. Será un **proxecto participativo** no que as familias terán moita importancia á hora de axudarlles aos nenos/as na búsqueda de información sobre a celebración e escoitando as súas aprendizaxes.

O **proxecto** terá carácter **interdisciplinar** no que, como se indicou nos parágrafos iniciais do proxecto, participan distintas áreas e se inclúe nun proxecto maior de centro, como é o PDI **“O Sueiro, onde a lectura é arte”**.

A nosa **proposta metodolóxica** de aprendizaxe baséase nunha dinámica activa, cooperativa e centrada na experiencia próxima aos alumnos/as, partindo dos seus intereses, das súas experiencias e dos seus coñecementos previos:

- Coñecen a cidade de Siena?
- Saben en que país está?
- Coñecen algo da tradición do Palio?
- Pódenche contar algo desta tradición na túa casa?

Partindo dos coñecementos previos dos nosos alumnos/as, detectados con anterioridade, desenvolveremos o seguinte proxecto:

OBXECTIVO XERAL:

- Saber onde está a cidade de Siena e coñecer a tradición do Palio.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Localizar a cidade de Siena no mapa de Italia.
- Recoñecer formas, deseños e proporcións.
- Coñecer a tradición cultural do Palio.
- Desenvolver a creatividade e imaxinación a través das artes plásticas.
- Saber gardar silencio cando a actividade (lecturas, cancións, ...) o requira.
- Seguir o ritmo da carreira do Palio axeitadamente.
- Compartir o seu traballo coas súas familias.

Bloques de contidos:

Bloque 1.- Educación audiovisual.

- Búsqueda na rede o país e a cidade de Siena.
- Visionado de imaxes da carreira celebrada na Piazza del Campo.

Bloque 2.- Expresión artística.

- Descrición verbal dos sentimentos xurdidos ante a arquitectura e edificios de Siena..
- Cores, texturas, proporcións, deseño e formas na Piazza del Campo.
- Instrucións para a elaboración do noso proxecto..
- Diferentes texturas e cores.
- Emprego de diferentes materiais.
- Elaboración da súa propia Piazza del Campo e da Torre del Mangia.
- Cor, recortado e unión de distintos materiais sobre fondos diferentes.
- Uso de distintos tipos de papel: celofán, pinocho, crep,...
- Traballos doutros nenos baseados na tradición do Palio.

Bloque 3.- Deseño realista.

- Recoñecemento dos elementos reais no seu deseño da praza.
- Proporción e deseño arquitectónico.

Competencias clave:

- Comunicación lingüística: Toda a unidade.
- Matemática e comp. básicas en ciencia e tecnoloxía: Referencias para organizar un espazo arquitectónico .

- Comp.dixital: Uso da rede para ver imaxes da festa tradicional e localizar a cidade no país.
- Aprender a aprender: É quen de manipular de xeito correcto distintos materiais.
- Sociais e cívicas: Seguir normas e instruccións claras para a elaboración da praza e respecto polas versión dos demais.
- Sentido do iniciativa e espírito emprendedor: Creatividade á hora de facer unha nova versión da obra orixinal. Ser quen de seguir un ritmo ou iniciar un.
- Conciencia e expresións culturais: Respeto polas distintas formas de expresión plásticas.

Actividades:

- Vídeo sobre a cidade de Siena e a celebración tradicional da festa do Palio.
 - o Que lles pareceu?
 - o Que lles fai sentir?
 - o Gustouvos?
 - o Gustaríavos participar na carreira?
- Lectura do libro “**Siena, xogando co arte.**”
- Facilitarlle aos nenos os distintos materiais do traballo obxecto de estudio.
- Elaboración do proxecto.
- Visita dun membro do departamento de italiano da EOI de Ourense para iniciar aos nenos/as no vocabulario máis elemental.
- Visita do Viceconsul italiano residente en A Coruña para compartir con nós todos os aspectos que podan ser de interese para os nosos alumnos/as.

Avaliación:

Para avaliar o resultado do proxecto elaboraremos unha táboa con aquelas cuestións que máis nos interesan:

A experiencia resultou satisfactoria?	
---------------------------------------	--

Cal foi o sentir do alumnado?	
Os nenos/as foron protagonistas?	
Participaron as familias?	
O alumnado expuxo o seu proxecto?	
Foi axeitada a temporalización?	
Acadáronse os obxectivos específicos propostos?	
As actividades resultaron atractivas?	
Os recursos proporcionados pola biblioteca foron os axeitados?	
A metodoloxía de aprendizaxe por proxectos resulta ben?	
Desenvolvemos as competencias claves iniciais?	
O proxecto sae da escola?	

Temporalización:

- 1º e 2º trimestres.

PDI 2: “The Fridos”.

Enmarcado no plan de seccións bilingües en galego ou castelán e inglés na área de plástica no cursos 1º, 2º e 3º de E.Primaria, traballamos neste proxecto documental por ser un tema cultural enriquecedor para o desenvolvemento xeral dos nosos nenos/as.

Despois dos proxectos de cursos anteriores sobre Turner, Klimt, Velázquez, El Greco e Picasso, por que decidimos estudar a **Frida Kahlo**:

- Por ser unha artista innovadora e sorprendente, reflectindo o que sentía nos diferentes momentos da súa vida.
- Para axudar aos nenos/as na observación, análise e disfrute dunha obra de arte.
- Por coñecer a cultura doutro continente e o sentir das xentes.
- Poñer en valor o traballo das persoas con discapacidade física e o seu espírito de superación.

Participarán do proxecto distintas áreas: música, plástica, ciencias naturais, ciencias sociais, matemáticas, lingua galega, lingua castelá, lingua estranxeira, TICs, coordinadas dende a biblioteca escolar.

A **biblioteca** proporcionaranos os **recursos** necesarios para desenvolver o proxecto:

- Fontes escritas:
 - Libros de lectura: “Frida Kahlo. Minibiografías”, “Pequeña y grande Frida Kahlo”.
 - Libros de consulta: “Kahlo”, “ByMe Arts and Crafts”.
- Fontes audiovisuais:
 - Visita virtual ao Museo Frida Kahlo.
www.infantil.museofridakahlo.org.mx
 - Fotografías da pintora e algúns dos seus cadros.
 - Vídeo “Zamba, excursión al museo de bellas artes”.
 - Búsqueda na rede do país no que naceu e viviu a pintora.
 - Audio “Viva la vida” do grupo británico Coldplay.

O **produto final** do proxecto será o acto no que presentarán aos seus compañeiros/as o recitado do poema “Pequena e grande Frida Kahlo” a ritmo da canción “Vive la vida” de Coldplay. Será un **proxecto participativo** no que as familias terán moita importancia á hora de axudarlles aos nenos/as na búsqueda de información sobre a pintora e escoitando as súas aprendizaxes.

O **proxecto** terá carácter **interdisciplinar** no que, como se indicou nos parágrafos iniciais do proxecto, participan distintas áreas e se inclúe nun proxecto maior de centro, como é o PDI **“O Sueiro, onde a lectura é arte”**.

A nosa **proposta metodolóxica** de aprendizaxe baséase nunha dinámica activa, cooperativa e centrada na experiencia próxima aos alumnos/as, partindo dos seus intereses, das súas experiencias e dos seus coñecementos previos:

- Coñecen á pintora?
- Que saben dela?
- Coñecen alguna pintura dela? Cal?
- Pódenche contar algo da pintora na túa casa?

Partindo dos coñecementos previos dos nosos alumnos/as, detectados con anterioridade, desenvolveremos o seguinte proxecto:

OBXECTIVO XERAL:

- Saber quen era Frida Kahlo e recoñecer algunhas das súas obras.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Localizar no mapa o país de orixe de Frida Kahlo.
- Recoñecer froitas e texturas.
- Coñecer algunha característica da vida de Frida Kahlo.
- Identificar algunha obra de Frida Kahlo.
- Desenvolver a creatividade e imaxinación a través das artes plásticas.
- Relacionar música pop británica coa obra da pintora.
- Traballar a coordinación motora.
- Saber gardar silencio cando a actividade (lecturas, cancións, ...) o requira.
- Seguir o ritmo da poesía mediante palmas axeitadamente.
- Compartir o seu traballo coas súas familias.

Bloques de contidos:

Bloque 1.- Educación audiovisual.

- Visionado de cadros da pintora.
- Búsqueda na rede do país no que naceu a pintora.
- Vídeo “Zamba, excursión al museo de bellas artes”.
- Visita virtual polo museo Frida Kahlo.
- Canción “Viva la vida” dos británicos Coldplay en homenaxe ao cadro de Frida Kahlo.

Bloque 2.- Expresión artística.

- Descripción verbal dos sentimentos xurdidos da observación da obra de Frida Kahlo.
- Cores, texturas e formas do cadro “Viva la vida”.
- Instrucións para a elaboración do noso proxecto..
- Diferentes texturas e cores.

- Emprego de diferentes materiais.
- Creación do cadro de Frida Kahlo usando a técnica da superposición.
- Cor, recortado e unión de distintos materiais sobre fondos diferentes.
- Uso de distintos tipos de papel: celofán, pinocho, crep,...
- Elaboración do seu propio cadro coas modificacións oportunas.
- Traballos doutros nenos baseados en cadros da pintora obxecto deste proxecto.

Bloque 3.- Debuxo realista.

- Recoñecemento do período vital ao que pertencen a obra da pintora.
- Proporción e deseño que aparecen na pintura.

Competencias clave:

- Comunicación lingüística: Toda a unidade.
- Matemática e comp. básicas en ciencia e tecnoloxía: Referencias para organizar o espazo dun lenzo.
- Comp.dixital: Uso da rede para ver o cadro orixinal no museo no que se atopa e posibilidade de colgar as obras dos nenos nun museo virtual.
- Aprender a aprender: É quen de manipular de xeito correcto distintos materiais.
- Sociais e cívicas: Seguir normas e instrucións claras para a elaboración dun cadro e respecto polas versión dos demais.
- Sentido do iniciativa e espírito emprendedor: Creatividade á hora de facer unha nova versión do cadro orixinal. Ser quen de seguir un ritmo ou iniciar un.
- Conciencia e expresións culturais: Respeto polas distintas formas de expresión plásticas.

Actividades:

- Vídeo sobre Frida Kahlo.
 - o Que lles pareceu?
 - o Que lles fai sentir?
 - o Gustouvos?
 - o Gustaríavos pintar como Frida Kahlo?

- Lectura do libro “**Pequeña y grande Frida Kahlo**”
- Recitado en forma de poema, traducido ao galego, do libro anterior.
- Facilitarlle aos nenos os distintos materiais do cadro obxecto de estudo.
- Elaboración do cadro obxecto do proxecto.

Avaliación:

Para avaliar o resultado do proxecto elaboraremos unha táboa con aquelas cuestións que máis nos interesan:

A experiencia resultou satisfactoria?	
Cal foi o sentir do alumnado?	
Os nenos/as foron protagonistas?	
Participaron as familias?	
O alumnado expuxo o seu proxecto?	
Foi axeitada a temporalización?	
Acadáronse os obxectivos específicos propostos?	
As actividades resultaron atractivas?	
Os recursos proporcionados pola biblioteca foron os axeitados?	
A metodoloxía de aprendizaxe por proxectos resulta ben?	
Desenvolvemos as competencias claves iniciais?	
O proxecto sae da escola?	

Temporalización:

- 2º e 3º trimestres.

AREA DE RELIXIÓN “A CAPILLA SIXTINA E MIGUEL ANGEL”

De acordo ao lema do PDI deste curso 2016-2017 “O Sueiro, onde a lectura é arte”. A área de relixión traballará sobre os frescos da bóveda e dos da parede

tras o altar da Capela Sixtina, pintados por un dos mellores pintores e escultores da nosa historia, Miguel Angel Buonarroti

OBXECTIVOS:

1. Descubrir a arte nos temas relixiosos
2. Coñecer a historia da Capela Sixtina
3. Entender os frescos que recubren as paredes e o teito da Capela Sixtina
4. Valorar a obra de arte de Miguel Angel
5. Recoñecer a arte como unha forma de comunicación
6. Aprender a expresar sentimentos e sensacións a través do estímulo visual das artes.

CONTIDOS:

1. A Capela Sixtina e o Vaticano
2. Decoración das paredes e o teito da Capela
3. Miguel Ángel pinta o teito
4. Os frescos de Miguel Ángel A” creación, Adan e Eva no Jardin do Eden e o Diluvio Universal” na bóveda da Capela e “O Xuízo Final” tras o altar da Capela.

ACTIVIDADES:

- Lectura Bíblica, A Creación e o Diluvio do libro de Xénese e O Xuízo Final do Libro Apocalipse.
- Traballar algúns detalles dos frescos da Bóveda da Capela Sixtina.
- Confeccionar cada alumno o bosquejo do plano da Capela e da súa bóveda.
- Describir oralmente o que perciben dos frescos de Miguel Ángel.
- Expresar oralmente os sentimentos que lles esperta a contemplación da decoración da Capela.

Co desenvolvemento desta unidade didáctica levaremos a cabo o desenvolvemento das seguintes competencias básicas:

1. **Competencia en comunicación lingüística:**
2. Actitudes de escoita, comprensión e expresión lingüística das historias lidas.
3. **Competencia matemática**, habilidade de interpretar e expresar con claridade e precisión, datos e informacións.
4. **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**, descubrindo a nosa relación e a nosa evolución nas distintas épocas.
5. **Competencia no tratamento da información e competencia dixital**, usando ordenador para navegar por Internet na procura e o tratamento da información relacionadas co tema.
6. **Competencia social e cidadá**, traballando en equipo.
7. **Competencia cultural e artística**, coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente as distintas manifestacións culturais ou artísticas,

PT e AL: Territorio das artes escénicas: “Silencio, se rueda!!”

Ao longo do presente curso traballaremos dentro do aula de apoio o máxico e fascinante mundo das artes escénicas; “Silencio!! ...se rueda”. Da man de Carlos Casares e a súa obra “O galo de Antioquía” adentrarémonos no sétimo arte e seremos que de realizar unha curta coa técnica de Stop motion que presentaremos a toda a comunidade educativa na semana das Letras Galegas. Asemade , realizaremos varias actividades onde o traballo final sexa unha posta en escena de varias lendas e fábulas con diferentes técnicas: guiñol, cómic, guiñol, libro ilustrado, soundcloud...

Obxectivo xeral:

- Coñecer a cultura popular galega a través de textos de transmisión oral.

Obxectivo específicos:

- Mellorar a lectura e a comprensión lectora a través de diversas e variadas lecturas-
- Coñecer lugares emblemáticos da nosa terra.
- Recitar poemas con boa entoación.
- Valorar a importancia das lendas na cultura e tradición galega.
- Pescudar información relacionada cas lendas e fábulas traballadas.
- Ler o Galo de Antioquía de Carlos Casares.
- Levar ao cine coa técnica de stop motion unha curta sobre esta obra.
- Realizar un libro ilustrado sobre o Galo de Antioquia.
- Empregar as personaxes das lendas e fábulas para realizar actividades transversais.
- Expresar sentimentos e sensacións a través do teatro e valoralas como un medio de relación cos demais.
- Desenvolver a imaxinación, a creatividade, a autoestima e a liberdade de expresión mediante a arte de crear os nosos contos.
- Utilizar e crear producciones plásticas baseadas en diferentes obras pictóricas coa finalidade de representar diferentes esceas, persoaxes, objetos...
- Reproducir imaxes a través de obras pictóricas e mediante as distintas técnicas plásticas do dbuxo, pintura, modelado y o collage.
- Producir elaboracións plásticas para expresar sentimentos de alegría, tristura, medo, risa.
- Descubrir e experimentar as posibilidades motrices do noso corpo para expresar e comunicar as sensacións que nos producen as obras de arte.
- Interpretar e dramatizar esceas e situación que aparecen nos contos
- mediante os xestos e o movemento.

Contidos:

- A importancia das lendas e fábulas na nosa cultura.
- Lendas e fábulas coñecidas.
- Contos de lendas.
- O cine como elemento de expresión.
- A técnica de stop motion
- O cómic e o guiñol como elemento de expresión.

- Ilustración de textos escritos.
- A linguaxe oral como instrumento de comunicación
- Relato de contos e refranes en torno as obras de arte.
- Producción de mensaxes referidos as emocións que nos producen as obras de arte
- Situacións de comunicación oral en relación ao mundo da arte.
- Actitudes de escoita e respecto aos compañeiros.
- Textos de tradición oral.
- Creación de contos ilustrados.
- Actitudes de curiosidade e interese por participar na creación de contos.
- Expresión plástica.

Actividades:

- Elaboración do mural das portas con alusións ao mundo das artes escénicas.
- Lectura comprensiva de lendas e fábulas.
- Ilustración gráfica dalgunha lenda e fábula traballada no aula de apoio.
- Elaboración dunha curta coa técnica de stop motion a partir da obras de Carlos Casares “O galo de Antioquía”.. Eles mesmos farán o guión, os personaxes e a dobraxe dos protagonistas.
- Ilustración de lendas e elaboración dun libro de lendas para a biblioteca.
- Compilación nun libro web de todas as lendas e fábulas traballadas no aula.
- Memorización e narración de lendas e fábulas.
- Recollida de información sobre diversos aspectos traballados nas lendas (costumes, xeografía, personaxes,..)
- Realización dun LIM sobre Carlos Casares.
- Emprego da biblioteca do colexio na pescuda de información.
- Ampliar a compilación de lendas galegas dispoñibles na nosa web, con outras que sexan adecuados ao alumnado do noso centro, para que coñezan en profundidade as costumes e tradicións da nosa cultura actual.

- Elaborar un dominó coas fábulas e contos traballados das estacións do ano.
- Elaborar un guiñol baseado no conto “A árbore que non tiña follas”
- Elaborar os títeres para a representación da obra anterior.
- Crear un conto ilustrado das estacións do ano no que os protagonistas serán os alumnos e os pintores.

Temporalización: Todo o curso.

Outros proxectos e actividades.

- Participación no mes de maio nos **XXI Encontros de Teatro Escolar de Bande**.
- Actividades promovidas polo **Círculo Poético Orensano**.
- Plan Proxecta: **Meteoescolas** na biblioteca.
- Celebracións habituais: Día da Biblioteca Escolar, Día do Libro, Día da Paz, Semana da Prensa, Letras Galegas, ...
- Participación en actividades de fomento de lectura promovidas polo concello, así como doutras entidades con promoción social.

LER EN FAMILIA

Desde a nosa biblioteca contemplamos as seguintes actividades, pensadas para implicar ás familias na formación dos nenos/as como lectores:

- **Mochilas viaxeiras.**

Os nenos/as de E.P. dispoñen en préstamo a mochila por un período dunha semana, para compartir coas familias o contido da mesma. Incluímos material en galego, castelán, en formato cómic, contos, poesía, revistas, DVDs.

Acompañan a estes materiais “**O diario da mochila**” no que, tanto os nenos/as como as súas familias, aportan a súa opinión, novas creacións, debuxos, suxerencias, ..., sobre o contido da mochila.

- **Libros que van e veñen.**

Coa mesma filosofía que as Mochilas Viaxeiras, poñemos en circulación as mochilas para os peques da escola de E.Infantil.

O contido será axeitado á idade dos nenos/as e tamén incluírá “O diario dos libros que van e veñen”, no que os nenos/as poden debuxar aquilo que lles din os libros e as suxerencias dos pais.

- **Guías de lectura.**

AVALIACIÓN

Reflectiremos a incidencia do PAL no centro en relación coa mellora da competencia na comunicación lingüística, a adquisición de hábitos lectores, o grado de desenvolvemento das actuacións previstas, o aproveitamento dos recursos do centro, as estratexias metodolóxicas, medidas de coordinación, rendemento do equipo da biblioteca, implicación das familias e un informe no que se incluírán: número de préstamos realizados, número de rexistros, visitas no horario lectivo asignado, visitas no horario de tarde, tipo de actividades desenvolvidas.

